Os alumnos de sexto despois de encargarse da elaboración das figuras e da montaxe do Belén, queren felicitar a toda a Comunidade Escolar cos poemas que escribiron sobre o nadal.

O Nadal é unha ilusión
cunha canción,
que vai desde o corazón
repletiña de amor.

A cheminea bota fume,
e a familia está quentiña,
na casiña hai un segredo,
e é que hai armonía.

O pequeno Xesusiño,
dorme no portal,
descansa tranquiliño,
na noite de Nadal.

Os Reis Magos regresan,
con moitos agasallos,
aos nenos cansados,
pero tamén emocionados.

Cunha cestiña ben grandiña,
cheíña de comida,
eu quero agasallar,
para celebrar o Nadal

Cunha tarxeta de paz,
eu quero felicitar
¡ Moi bo Nadal!

CLOE CANTO

A min encantame o Nadal,
porque podo comer pan,
e comprar unha cesta,
para a festa.

Empeza o Nadal
todo é xenial,
na mellor festividade
reina a xenerosidade

Todo o mundo debe,
debe en casa estar,
e coa familia
o Nadal celebrar.

Cantamos panxoliñas
rodeados de bondade,
ó lado das luceciñas
que irradian amizade.

Colocamos o belén
con María e Xosé,
e o neno Xesús
que no berce esté.

Colocamos a árbore
coa estrela ao final,
e cargadiño de adornos
é como debe estar.

Decoramos toda a casa
cos adornos do Nadal
e así con agarimo
podela celebrar.

Ven Papá Noel
con máis dun regalo
para moitos nenos
que se portaron ben este ano.

Despois dos cascabeis
sempre veñen os reis.
Comemos o roscón
e tamén o turrón.

CARMEN FERNÁNDEZ MARGUSINO

Gústame a hora da cea,
porque podo comer coa miña nai Belén,
co meu pai Xosé,
e co meu irman chamado Noel.

Gústame cantar paxoliñas
coa miña familia e coa miña
amiga María
na sua cociña.

Ese día gustame celebrar
o día da paz,
e ter un corazón,
cheo de amor.

Ese dia de festividade
gustame a xente con xenersidade,
e ter uns amigos con corazóns
cheos de ilusións.

Teño un moneco dun reno
que esta vestido cun peto.
Cada Nadal mato as mosca
porque comenme a rosca.

ALEJANDRO ÁLVAREZ LÓPEZ

Repartiremos os caramelos da festa
cunha cesta,
co amor
dos nos corazóns .

Os nenos cantan de alegría,
porque o Nadal
xa chegou.

A cea de familia,
anima a nosa alegría.
Panxoliñas de amor
cantamos co noso corazón.

O Nadal xa chegou
o aburrimento esfumou
todos contentos
pedimos regalos a centos.

Colocamos a árbore
con vivas cores
e o bonito Belén
con María e Xosé.

Colocamos a árbore
con vivas cores
e o bonito Belén
con María e Xosé.

Cantamos Panxoliñas
sobre estreliñas
que voan polo ceo
cun pequeno contoneo.

Coa familia quedamos
para cear, xogar
e as grazas damos.

Lembra:
No Nadal regalos,
recibes dos Reis Magos
pero se te portas mal,
carbón deixarán.

MATEO CARLOS CRUZ NÚÑEZ
(Poemas de Nadal) 2016

Cando Papá Noel, xa chegou.
Deixa unha mensaxe que pon:
- O neno Xesús xa chegou.

Paz e amor deixan,
felicidade nas árbore de cor.
María e Xosé na festa
tomaron tan rápido o viño,
que caeron nunha cesta
que estaba ao lado da mesa.

Os nenos xa chegaran
para animar un pouquiño a festa,
cada un cantaba unha canción
relacionada con esta festa tan amada

ALBA VILAS PÁJARO

Unha estrela
de cor dourada
vai camiño de Belén,
vai toda apurada.

Os tres reis magos
que ao neno van ver
seguen a esa estrela
para non se perder.

Camiñan e camiñan
pero non dan chegado
pois o portal do neno
está moi afastado.

Cando chegaron ao palleiro
xa estaban moi cansos
mais ouro,incenso e mirra
a todos lles deixaron.

O neno Xesús
todo agradecido
botou un sonriso.

Os reies satisfeitos
volveron ao camiño

Brilla alto no ceo
a estreliña do Nadal,
dirixindo ás maxestades
a un máxico portal.

Montados en camello,
veñen dende Oriente
os tres reis magos,
servindo á súa xente.

Seguen a estreliña
que lle mostra o camiño;
máis eles aínda non saben
que van visitar a un meniño.

Xa están preto do portal,
xa se ve o nacemento
xa se ve o neno Xesús
o famoso pequeno.

Ouro, incienso e mirra
déronlle os reis magos.
Moitas grazas estreliña
polos marabillosos regalos!

PAULA CUETO VÁZQUEZ

Amar cos corazóns
con grandes ilusións
nesta festa de paz
nesta festa de amor.

No portal de Belén
eu me namorei
do neniño Xesús
iluminando coa súa luz.

Adornar a árbore
con xenerosidade

mentres o neno Xesús
dormia ben quentiño.

CANDELA

Xa chegou o nadal,
para un humano e un animal.
Hai que unir os corazóns,
para ter moitas ilusións.

Cando celebramos as festas,
de comida hai moitas cestas,
unha cea organizamos,
e quedan os avós alborotados.

No belén esta Xosé,
coa cabeza do revés.
O neno Xesús cantando
e a virxe zampando.

Paz, pide Raúl para o mundo,
e Raquel amor para Facundo,
todos os nenos caramelos,
pero vanlles traer grelos.

Deixo unha mensaxe,
sempre no meu garaxe,
para que lean as miñas palabras,
os reis e tamén as ratas.

LUCÍA PINAL

ponlle luces
a toda a casa.

Estar coa familia
nesta festa
comendo a cea
cantando unha panxoliña.

Canta cancións
canta co corazón
nesta noite de paz
nesta noite de amor.

Nesta festa
chega Papa Noel
con moitos regaliños,
con moitos laciños

Chegan os reis,
magos de oriente,
con chocolate quente
guiados pola estrela polar.

Hai que celebrar
que podamos estar
xuntiños
este Nadal.

VICTORIA

O Nadal
xa chegará,
e a festa;
comenzará.

A carta
xa enviara,
e o Polo Norte;
chegará.

Á árbore,
adornada;
unha mensaxe
achegaba...

O belén
con María

Fun a unha festa
e deronme a cea.
Leveime unha cesta
cunha pandeireta.

A pandeireta non soaba
porque estaba acatarrada.
Chegou Papá Noel
e o corazón empezoulle a later.

Púxose tan contenta
que non volveu a porse enferma
porque regaloulle unha trompeta
que cantaba unha serenata.

PABLO MULÉ

amosaba
alegría.

Xenerosidade
formaba,
a familia
xuntada.

Os agasallos
chegarán
e a festa
rematará.

SOFÍA GRANDE

Había un neno
que poñía un adorno,
que o collía nunha cesta
para unha gran festa.

Os nenos tiñan moitas ilusións
nos seus corazóns,
moi alegres son coa súa mirada,
con aquelas caras todo se paraba.

Neste Nadal
ese polo queremos comernoslo,
ao noso tolo
con moita felecidade.

Vou celebrar
cos meus amigos
a cantar , bailar
e moitos xogos.

JOEL FERRO

Os renos e os camelos,
preparados están,
para repartir pola cidade
os regalos do Nadal.

O problema é que,
se os seus donos non están
preparados non poden saír
e non se van divertir.

Primeiro,
a Belén,
onde os esperan con moito entusiasmo,
María e Xosé.

Segundo,
ao polo norte e sur,
onde os esperan os osos e os pingüíns,
con moito ímpetu.

Pero, atención,
porque os nenos teñen que asistir,
a cabalgata dos reis,
onde se van divertir.

Panxoliñas van cantar
para o Nadal celebrar,
e os agasallos compartir
para un bico recibir.

Cando se acaba o Nadal
todos están tristes e fartos,
pois están gruñons
de gastar tantos cartos.

MENCÍA

Chegou o Nadal
tempo de amar e paz.
Unha festividade
chea de xenerosidade.

Nesta festividade
abunda a xenerosidade
tamén nesta festa
sortean unha cesta.

Cantamos as Panxoliñas
coas nosas familias.
Tamén facemos o Belén,
con María e  Xosé

No Belén están Xosé,
María e o neno Xesús
con moita ilusión
e alto o corazón.

Hai que celebrar esta festa
co corazón cheo de apertas.
Temos que ter os corazóns
cheos de moitas ilusións.

Compramos adornos
con bonitas mensaxes
levaremos a nosas familias
nalgunha carruaxe.

Tomamos unha cea
mirando as estrelas.
Tomamos un roscón
celebrando un montón.

De comer fartamos
e moito nos alegramos
quentámonos na cheminea
e comemos ata quedarnos cheas.

Un bico ,un regaliño
unha aperta ,unha festa
dous bicos, dous regaliños
unha aperta, unha boa cea.

A Papa Noel
agasallos pedimolles cen
aos Reis Magos
leite lles damos.

HELENA RODRÍGUEZ

Coa familia pós adornos
con luces e, impacientes, esperamos
a chegada do famoso Papá Noel
que baixa pola cheminea.

Esta é unha festa de paz
e amar,
pór adornos,
rir e gozar coa familia e amigos.

SANTIAGO

